

LPIC-1 Linux Administrator – 1º Edición

Descrición

O presente curso oficial constitúe o itinerario formativo e de certificación deseñado pola organización internacional Linux Professional Institute (LPI) para a correcta preparación do seu nivel profesional de certificación LPIC-1: Linux Administrator

Desenvolto desde unha orientación de aprendizaxe baseada na práctica, o curso proporcionará ao estudante acceso a ferramentas mediante as que levará a cabo multitude de laboratorios e escenarios reais que se propoñen ao longo da formación.

Obxectivos

Ao finalizar o curso, o alumnado adquirirá competencias profesionais para o desenvolvemento de labores de mantemento desde a liña de comandos, instalación e configuración dun equipo Linux e configuración de funcionalidades de rede básicas.

O curso alíñase cos seguintes obxectivos da certificación LPIC 1:

- Arquitectura de sistemas
- Instalación de Linux e Mantemento de paquetes
- Comandos GNU e Unix
- Dispositivos, sistema de ficheiros Linux e xerarquía estándar dos sistemas de ficheiros Linux
- Conchas, script e xestión de datos
- Interfaces e Escritorios
- Tarefas de administración
- Servizos básicos do sistema
- Fundamentos da rede
- Seguridade



Dirixido a

Dirixido a persoas que queiran iniciarse profesionalmente na administración de sistemas operativos Linux.

Para un máximo aproveitamento do curso, é recomendable que o alumnado dispoña de coñecementos básicos no sistema operativo Linux.

BENEFICIOS

Opción gratuita dun exame de certificación oficial

Diploma de asistencia

Perfil do docente

As/os formadoras/es son persoas con máis de 10 anos de experiencia en áreas de alta especialización técnica nos ámbitos de aplicación. Dispoñen das certificacións oficiais do fabricante (neste caso LPI) para impartir estes cursos e pasaron con éxito as probas de formación.

PROGRAMA

Programación 2026/27

TIPO

CURSO

MATRÍCULA

Gratuíta

PERIODO INSCRICIÓN

01/10/2026 - 15/10/2026

PROBA DE SELECCIÓN

16/10/2026 (00:00)

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Proba técnica presencial no CNTG en Santiago de Compostela

Nº PRAZAS

20 (Mínimo 10)

METODOLOXÍA

Virtual

TIPO DE EDICIÓN

Edición única tarde (desempregados/as e ocupados/as)



LPIC-1 Linux Administrator – 1º Edición

DURACIÓN	60 horas
DATA INICIO	09/11/2026
DATA FIN	26/11/2026
HORARIO	De luns a xoves de 16:00 a 21:00 horas.
LUGAR DE DOCENCIA	Edificio localizado na r/Airas Nunes s/n, barrio de Conxo, en
CERTIFICACIÓN OFICIAL	Sí
EXAME CERTIFICACIÓN	LPI 101-500, LPI 102-500
MÓDULOS TRANSVERSAIS	Igualdade de 10 horas
TECNOLOXÍA	Linux LPI
PERIODO DOCENCIA	09/11/2026 - 26/11/2026

Temario

LPI 101-500: Administración de Linux - Parte 1

- Tema 101: Arquitectura de sistemas
 - Tema 102: Instalación de Linux e xestión de paquetes
 - Tema 103: Comandos GNU e UNIX
 - Tema 104: Dispositivos, sistemas de ficheiros Linux e xerarquía estándar do sistema de ficheiro
- LPI 102-500: Administración de Linux - Parte 2

- Tema 105: Intérpretes de comandos, guións e xestión de datos
- Tema 106: Interfaces de usuario e escritorio



- Tema 107: Tarefas administrativas
- Tema 108: Servizo esencial do sistema
- Tema 109: Coñecementos básicos de rede
- Tema 110: Seguridade